

ACTA DA XUNTA EXTRAORDINARIA DA FACULTADE DE HISTORIA DO 5 DE XUÑO DE 2020

Asistentes:

Presidenta

Reboreda Morillo, Susana

Vicedecano

Fernández Fernández, Adolfo

Secretaria

Cadilla Lomba, Josefina T.

PDI

Barriocanal López, Yolanda

Comendador Rey, Beatriz

López Díaz, María

Pérez Losada, Fermín

Prada Rodríguez, Julio

Rodríguez Teijeiro, Domingo

Uña Álvarez, Elena de

Vaquero Díaz, María Beatriz

PDI contratado

Campos Álvarez, Xosé Ramón

Presedo Garazo, Antonio

Estudantes

Crespo Nogueira, Alba

Lozano Ramírez, Amado Tierra

PAS

Rodríguez Bouzas, Josefa

Como consecuencia da situación xerada pola Covid-19, así como das restricións de mobilidade impostas polo Estado de Alarma decretado polo Goberno no RD 463/2020, e as súas sucesivas prórrogas; a xunta realizase de xeito virtual, mediante o Campus Remoto na sala de xuntas 1 da Facultade de Historia, reuníndose os membros que figuran á marxe, o venres 5 de xuño de 2020, ás 13.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, das addendas ao documento da Universidade de Vigo “Medidas extraordinarias e urxentes para o desenvolvemento da organización docente do vindeiro curso 2020/2021”. Para ter un documento único agradecemos o envío das citadas addendas ao enderezo electrónico rmorillo@uvigo.es, antes das 10.00 h do día 5 de xuño de 2020 .

2. Rolda de intervencións.

1. Aprobación, se procede, das addendas ao documento da Universidade de Vigo “Medidas extraordinarias e urxentes para o desenvolvemento da organización docente do vindeiro curso 2020/2021”. Para ter un documento único agradecemos o envío das citadas addendas ao enderezo electrónico rmorillo@uvigo.es, antes das 10.00 h do día 5 de xuño de 2020 .

Comeza a sesión a decana explicando que documento que hoxe se vai tratar nesta convocatoria extraordinaria de Xunta de Facultade, estaba inicialmente prevista a súa discusión e aprobación no Consello de Goberno do día 2 de xuño, pero finalmente se decidiu que se debaterá nos Centros e que foran eles os fixeran achegar as addendas. Explica que unha parte do profesorado da facultade xa manifestou que o termo addenda non é o correcto pero ela aclara que foi a palabra que alí se empregou e como tal a transmitiu, aínda que perfectamente se poderían considerar como alegacións ou emendas ao documento que hoxe se somete a debate e aprobación.

A presidenta agradece as reflexións realizadas por Elena de Uña, Beatriz Comendador que xa se remitiron aos membros da xunta de facultade e as de Julio Prada que recibiu por correo electrónico para a súa toma en consideración. A reunión de hoxe realízase para tratar de opinar sobre os posibles cambios a propor neste escrito.

Explica que neste documento o que se pretende é prever tres posibles circunstancias para o curso que ven: a primeira sería a da volta total á normalidade con docencia presencial; a segunda sería a ocupación unicamente das clases a un terzo en base ás medidas que podería impor sanidade co que se activaría unha docencia mixta; a terceira opción, sería a posibilidade da volta a un confinamento co cal a docencia sería non presencial. O obxectivo final é que calquera que sexa o tipo de circunstancias, se manteña a docencia. A universidade entende que a partir de agora hai xa unha serie de ferramentas que están creadas e probadas polo profesorado e alumnado e que poden garantir a docencia non presencial.

Na Facultade de Historia dado que hai un grao con dúas modalidades, presencial e semipresencial, e un mestrado semipresencial a decana considera que se ten xa moito camiño andado e diferentes aspectos que se reflexan no documento foron xa realizados pola facultade que se beneficiou neste proceso de ter implantado a semipresencialidade. Solicita que interveñan o profesorado que presentou alegacións para explicalas aos membros da xunta de facultade.

Comeza a súa intervención o profesor Julio Prada para aclarar que lle preocupa varios aspectos de carácter xurídico. Desde o seu punto de vista hai un baleiro en relación aos mecanismos de salvagarda do dereito a propia imaxe do profesorado e á do alumnado sobre todo no relativo ás emisións en directo, o que conlevaría problemas de seguridade nas redes dado que non se contemplan garantías que eviten que o alumnado poida difundir as imaxes sen autorización.

En relación ao punto I.6 relativo a recursos e orzamentos, entende que se debería amosar a preocupación no suposto de que o centro se vira excluído do reparto orzamentario por dispor dun grao e un mestrado semipresencial. Por último no segundo parágrafo do apartado IV *“dada a posible situación de non presencialidade, todas as guías docentes incluírán a garantía de que o alumnado debe ter acceso online á totalidade dos recursos materiais necesarios para superar a materia”*, aclara que debería ser a universidade a que deba garantir que se poidan colgar en rede os materiais respectando sempre os dereitos de autor, para o cal deberían destinarse partidas orzamentarias para os pagamentos ás sociedades xerais de autores. Este aspecto tamén queda un pouco no aire e debería ser obxecto de máis concreción e de garantías para o profesorado

para evitar posibles denuncias dado que non se pode garantir acceso online a estes recursos que están suxeitos a dereitos de autor.

Pide a palabra o profesor Antonio Presedo ao que lle sorprende que a única vez que aparece a palabra addenda sexa no punto 1 do apartado 4. Destaca a tardanza en enviar o documento que hoxe se debate, e está de acordo coas emendas formuladas polas profesoras Elena de Uña e Beatriz Comendador. En relación aos dereitos de autor que acaba de comentar Julio Prada considera que se deberían tomar en consideración posto que o emprego online de manuais, textos e imaxes podería provocar graves problemas. A nivel institucional terase que garantir os dereitos do profesorado no emprego de imaxes, e textos de manuais. En relación ao escrito considera tamén que se deberían dar máis días para a reflexión.

Intervén a decana para explicar que o documento se remitiu ao profesorado tan pronto como se recibiu no centro, aclara que hai que entregar emendas antes do luns ás 2 da tarde, por ese motivo pareceulle que o mellor sería convocar a xunta de facultade para hoxe venres para así poder elevar todas as propostas ao documento final que se remitirá á Reitoría dentro do prazo establecido.

A profesora Beatriz Vaquero que estivo tamén presente no Consello de Goberno explica que se supón que isto é un documento marco do que se acordou retirar o que tiña que ver coa avaliación e as guías docentes porque era un tema conflictivo, considera que sobre ese documento marco se poden revisar e incorporar cuestións. En relación aos sistemas de avaliación non eran sostibles e presentaban contradicións entre si, posto que si se quería conservar a estrutura docente das memorias de titulación en moitos casos iso era incompatible coas novas porcentaxes de avaliación.

As alegacións han de ter unha función importante. O proxecto é o de tratar o documento base como se tratan os estatutos, poñelo a disposición da comunidade universitaria, que os centros presenten emendas que serán tratadas por un órgano representativo que as estude e nas que non haxa acordo haberá un consello de goberno onde serán ou non aprobadas.

Intervén Elena de Uña para expor que estivo tamén como oínte do Consello de Goberno, e que os representantes sindicais rexeitaron a proposta posto que hai un problema grave en relación ás memorias dos títulos dado que se hai que modificalas volverían ter que pasarse pola Aneca o que motivou a retirada do punto. En relación ao tema dos distintos escenarios posibles, docencia presencial, docencia presencial por quendas, ou docencia unicamente virtual, neses distintos escenarios é moi difícil planificar a actividade docente e as prácticas. Considera que é todo moi caótico e que se trata dunha declaración

programática en termos tecnolóxicos moi complexa dada as moitas variables que se poden producir

Susana Reboreda, considera que evidentemente todo isto é un tanto caótico pero insiste que ao ter as dúas modalidades implantadas na Facultade todo será máis doado, por exemplo, as prácticas presenciais nas guías docentes se substituían por outras alternativas para o alumnado semipresencial.

Elena de Uña considera que é un grave prexuízo para todo el alumnado aparte da enorme carga del traballo no recoñecida para o profesorado.

A decana explica que o que se pretende é o menor prexuízo para o alumnado pero é inevitable porque a máxima será a da prevención.

Antonio Presedo, manifesta a súa coincidencia con Elena de Uña. No documento faise referencia á carga de traballo que hai que asumir. Na súa opinión o documento e moi marco, en ningún momento se fala de recoñecer ese sobre esforzo e non contempla garantías para o profesorado no suposto de que se utilice unha imaxe o un texto que poida supoñer un problema legal tema que lle preocupa especialmente.

Intervén Beatriz Vaquero para mostrar o seu acordo con que é un tema complexo é que hai moitos problemas pero considera que haberá que presentar solucións. Deberán quedar plasmados no documento os temores que ten o profesorado.

Intervén Beatriz Comendador, para indicar que concorda cosas cuestións expostas por Julio Prada e Elena de Uña, explica que cando a decana remitiu o escrito saíulle unha reflexión en relación á filosofía que emanaba do documento, non pretende que se engadan as súas reflexións nin como addenda nin emenda simplemente que para tratar do documento considera que se necesitaba dunha reflexión previa. O documento remitido pola Reitoría incide na importancia de reforzar as ferramentas tecnolóxicas, pero non se incide do mesmo xeito na necesidade de recursos humanos e transformacións metodolóxicas. Señala que existe una relación pernicioso entre os conceptos "docencia online" e "docencia innovadora", cando a docencia poder ser do mais tradicional a través de medios online. Señala tamén que o esforzo enorme que se require en función dos distintos escenarios, para levar adiante unha serie de actuacións para prevención da situación, recae no profesorado en canto a aspectos de planificación, asunción de responsabilidades e produción de materiais, todo iso sumado a inversión de tempo en reunión de coordinacións e seguimento das actividades, que se incrementa pola situación. Considera prioritario que como emenda ou addenda, se indique que ese sobre-esforzo do profesorado, debería ter un recoñecemento docente que podería ser unha desgravación en horas porque

todo este traballo de planificación, de seguimento e de elaboración de materiais leva tempo e aínda así, infravalorase o traballo docente, e iso preocúpalle especialmente.

No chat Beatriz Vaquero Díaz indica que cree que moito profesorado da Universidade de Vigo está completamente de acordo co que Beatriz Comendador está dicindo. De feito esa foi unha das razóns pola que tiveron que retirar o punto da orde do día no Consello de Goberno.

Despois de todas as reflexións formuladas a decana tenta realizar un resumo que se poida reflexar no escrito que se remitirá á Reitoría. Para resumir explica que na addenda ou documento de alegacións que se presente habería que incidir no seguinte: as garantías xurídicas do uso do material respectando os dereitos de autor en definitiva incidir na importancia dun compromiso firme de respaldo institucional no caso de que se produzan problemas, nas garantías relativas ao respecto á propia imaxe do profesorado e do alumnado, recoñecemento do sobre esforzo do profesorado para adaptarse aos distintos escenarios que poidan acontecer e engadir a palabra asíncrono no parágrafo indicado polos membros da xunta de facultade.

Beatriz Pilar Comendador Rey, no chat propón o seguinte texto: Dado o incremento considerable das responsabilidades asumidas e da carga de traballo do profesorado, este obterá o necesario recoñecemento da súa dedicación docente neste proceso de innovación docente, mediante a implementación de medidas para a ponderación e recoñecemento do nivel de dedicación docente, tanto do PDI permanente a tempo completo, como a tempo parcial. Esta ponderación da dedicación en tempo real, permitirá afrontar o custo da renovación da actividade docente e protexer a conciliación da vida laboral e persoal do profesorado.

Establécese de novo unha quenda de intervencións onde o profesorado continúa reflexionando sobre o tema, Beatriz Comendador propón que posto que a universidade vai mercar manuais que promova a xeración destes materias complementarios polo seu propio persoal, que poidan ser utilizados no apoio da docencia, deste xeito xeraría un apoio institucional para xerar proxectos propios.

Despois de tomar nota detidamente de todas as reflexións formuladas a decana propón a elaboración dun documento borrador no que tentará recoller os aspectos tratados nesta xunta de facultade. O documento será remitido aos membros da Xunta para a súa revisión. O documento final será enviado o luns dentro do prazo establecido á vicerreitoría de profesorado.

Apróbase por asentimento , o procedemento para a elaboración do documento de alegacións.



2. Rolda de intervencións.

Beatriz Comendador, lembra que a reunión previa á xunta de facultade está gravada e que se alguén precisa axuda coa transferencia que pode contactar con ela. Susana Reboreda comprométese a remitir o enlace da reunión por correo electrónico para que todas as persoas interesadas a poidan visualizar.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14.05 h do día 5 de xuño de 2020, da que eu como secretaria, dou fe co visto e prace da decana.

A decana

Asinado dixitalmente

Susana Reboreda Morillo

A secretaria

Asinado dixitalmente

Josefina Cadilla Lomba